

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

3376 *Circular 1/2015, do 24 de marzo, do Banco de España, aos provedores de servizos de pagamento, sobre información das taxas de desconto e de intercambio percibidas.*

O Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, no capítulo terceiro do título primeiro regulou os límites máximos das taxas de intercambio exixibles nas operacións de pagamento que se realicen, a partir do 1 de setembro de 2014, en terminais de punto de venda situados en España, por medio de tarxeta de débito ou de crédito (distintas das de empresa), con independencia da canle de comercialización utilizada.

Esta norma, co obxecto de realizar o adecuado seguimento da aplicación da nova regulación aplicable ás taxas de intercambio e da evolución xeral dos custos nos pagamentos con tarxeta, prevé que os provedores de servizos de pagamento deben informar o Banco de España das taxas de desconto e de intercambio efectivamente aplicadas aos servizos de pagamento en operacións con tarxeta e que esta información se publique no sitio web do Banco de España.

Posteriormente, este real decreto lei tramitouse como proxecto de lei. Como resultado da dita tramitación aprobouse a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficacia, que posteriormente foi modificada pola disposición derradeira terceira da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo (en diante, Lei 18/2014). A dita lei concreta que a limitación das taxas será de aplicación cando tanto o provedor de servizos de pagamento do ordenante como o do beneficiario estean establecidos en España. Por este motivo, esta circular non é de aplicación ás entidades que operen en España baixo o principio de libre prestación de servizos.

O artigo 13 da Lei 18/2014 establece que i) os provedores de servizos de pagamento deberán informar o Banco de España das taxas de desconto e de intercambio efectivamente aplicadas aos servizos de pagamento en operacións con tarxeta, e que ii) esta información se subministrará na forma e co contido e periodicidade que determine o Banco de España e se publicará no sitio web do Banco de España e no do provedor dos servizos de pagamento.

A presente circular cumpre cos encargos que o Banco de España recibiu por medio da referida norma legal no que se refire á determinación do contido e a outros aspectos relacionados coas obrigas de información e de publicación dos datos citados no parágrafo anterior. En relación coa publicación das taxas de desconto e de intercambio, convén precisar que esta circular prevé que o Banco de España publique no seu sitio web, de forma agregada, toda a información recibida trimestralmente das entidades, excepto a relativa ás taxas de desconto percibidas nos sistemas de tarxetas de pagamento tripartitos. O motivo que xustifica esta exclusión radica en evitar que a publicación desas taxas de desconto poida permitir calcular, sequera de maneira indirecta, o volume de operacións dos sistemas de tarxetas de pagamento tripartitos que operan en España, aspecto que ten carácter confidencial.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A presente circular, en desenvolvemento do previsto no artigo 13 da Lei 18/2014, ten por obxecto concretar as obrigas de información das entidades que actúen como provedores de servizos de pagamento respecto das taxas de desconto e de intercambio percibidas nas operacións de pagamento que se realicen en terminais de punto de venda situados en España, por medio de tarxeta de débito ou crédito, con independencia da canle de comercialización utilizada, cando tanto o provedor de servizos de pagamento do ordenante como o do beneficiario estean establecidos en España. No caso das operacións realizadas por vía electrónica, para determinar se un prestador de servizos está establecido en España observarase o disposto no artigo 2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Quedan sometidos ao disposto na presente circular as entidades de crédito, os establecementos financeiros de crédito, as entidades de pagamento, as entidades de diñeiro electrónico e as sucursais en España de calquera das entidades estranxeiras antes mencionadas (en diante, as entidades).

Norma segunda. *Definicións.*

Para efectos do previsto nesta circular, e de conformidade coas definicións contidas no artigo 10.1 da Lei 18/2014 e no artigo 2 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento (en diante, Lei 16/2009), entenderase por:

a) «Taxa de intercambio»: toda comisión ou retribución pagada, directa ou indirectamente, por cada operación efectuada entre os provedores de servizos de pagamento do ordenante e do beneficiario que interveñan nunha operación de pagamento mediante tarxeta [artigo 10.1.a) da Lei 18/2014]. Para estes efectos, calquera comisión, retribución ou compensación neta recibida por un provedor de servizos de pagamento emisor de tarxetas de pagamento con respecto a operacións de pagamento ou actividades auxiliares a estas será considerada parte da taxa de intercambio.

b) «Taxa de desconto»: toda comisión ou retribución pagada polo beneficiario da operación de pagamento ao seu provedor de servizos de pagamento por cada operación realizada mediante tarxeta composta pola taxa de intercambio, pola comisión de procesamento e do sistema de pagamentos e pola marxe do adquirente [artigo 10.1.b) da Lei 18/2014].

c) «Tarxeta de débito»: instrumento de pagamento emitido por un provedor de servizos de pagamento co propósito de permitirle ao seu titular efectuar a adquisición de bens ou servizos das empresas ou establecementos afiliados e cuxo uso implica a disposición inmediata do saldo existente na conta de pagamento asociada a ela para a súa transferencia ulterior ao beneficiario, así como as tarxetas prepago que responden á definición recollida no artigo 1.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico [artigo 10.1.c) da Lei 18/2014].

d) «Tarxeta de crédito»: instrumento de pagamento emitido por un provedor de servizos de pagamento e polo que a entidade emisora pon á disposición do titular unha liña de crédito [artigo 10.1.d) da Lei 18/2014].

e) «Tarxeta de empresa»: calquera tarxeta de pagamento emitida a empresas ou a entidades do sector público, cuxa utilización estea restrinxida aos gastos profesionais dos seus empregados, ou calquera tarxeta emitida a persoas físicas que exerzan unha actividade por conta propia e cuxa utilización estea restrinxida aos seus gastos profesionais ou aos dos seus empregados [artigo 10.1.e) da Lei 18/2014].

f) «Terminal de punto de venda»: dispositivo ou equipamento material instalado en establecementos comerciais ou empresas, así como aplicacións informáticas equivalentes, que lles permiten a estes aceptar o pagamento de bens e servizos mediante una tarxeta de débito ou de crédito [artigo 10.1.f) da Lei 18/2014].

g) «Sistema de tarxetas de pagamento»: un conxunto único de disposicións, prácticas, normas ou directrices que sustenta o funcionamento, entre os provedores de servizos de pagamento adheridos a el, da operativa de pagamento efectuada coas tarxetas consignadas baixo a bandeira ou marca que soporte [artigo 10.1.g) da Lei 18/2014].

h) «Sistema de tarxetas de pagamento cuadripartito»: un sistema de tarxetas de pagamento en que os pagamentos se efectúan desde a conta de pagamento dun titular dunha tarxeta á conta de pagamento dun beneficiario por intermediación do sistema, composto polo provedor de servizos de pagamento do titular da tarxeta (emisor de tarxetas de pagamento) e o provedor de servizos de pagamento do beneficiario (adquirente) [artigo 10.1.h) da Lei 18/2014].

i) «Sistema de tarxetas de pagamento tripartito»: un sistema de tarxetas de pagamento en que os pagamentos se efectúan desde unha conta de pagamento cuxa titularidade ten o sistema en nome do titular da tarxeta a unha conta de pagamento cuxa titularidade posúe o sistema en nome do beneficiario [artigo 10.1.i) da Lei 18/2014].

j) «Ordenante»: unha persoa física ou xurídica titular dunha conta de pagamento que autoriza unha orde de pagamento a partir da dita conta ou, no caso de que non exista unha conta de pagamento, a persoa física ou xurídica que dita unha orde de pagamento (artigo 2.7 da Lei 16/2009). k) «Beneficiario»: unha persoa física ou xurídica que sexa o destinatario previsto dos fondos que fosen obxecto dunha operación de pagamento (artigo 2.8 da Lei 16/2009).

k) «Beneficiario»: unha persoa física ou xurídica que sexa o destinatario previsto dos fondos que fosen obxecto dunha operación de pagamento (artigo 2.8 da Lei 16/2009).

l) «Provedor de servizos de pagamento»: os organismos públicos, entidades e empresas autorizadas para prestaren servizos de pagamento en España ou en calquera outro Estado membro de Unión Europea, acóllanse ou non ás excepcións previstas no artigo 26 da Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior, pola cal se modifican as directivas 97/7/CE, 2002/65/CE, 2005/60/CE e 2006/48/CE e pola cal se derroga a Directiva 97/5/CE, así como os de terceiros países, que se dediquen profesionalmente á prestación de servizos de pagamento (artigo 2.9 da Lei 16/2009).

Ademais, para efectos do previsto nesta circular, entenderase por:

m) «Tarxetas de pagamento»: tarxetas de débito ou crédito.

n) «Actividade do beneficiario»: tipo de actividade económica desenvolvida polo beneficiario da operación de pagamento efectuada mediante unha tarxeta de pagamento.

Norma terceira. Información ao Banco de España.

1. As entidades que actúen como provedores de servizos de pagamento nun sistema de tarxetas de pagamento tripartito ou cuadripartito deberán enviar trimestralmente ao Banco de España os seguintes estados con información sobre taxas de intercambio e desconto (en diante, estados TID), nos formatos que se inclúen no anexo da presente circular, conforme o sinalado nas seguintes epígrafes:

Estado	Denominación
TID 1-1	Taxas de intercambio percibidas no trimestre. Tarxetas de empresa.
TID 1-2	Taxas de intercambio percibidas no trimestre. Tarxetas de particulares.
TID 2-1	Taxas de desconto percibidas no trimestre. Tarxetas de empresa.
TID 2-2	Taxas de desconto percibidas no trimestre. Tarxetas de particulares.

2. Os estados TID que se deben enviar en función da actividade realizada son:

a) As entidades que actúen como provedor de servizos de pagamento do ordenante proporcionarán información nos estados TID 1 sobre as taxas de intercambio percibidas nas operacións de pagamento con tarxeta efectuadas en España nas cales o provedor de servizos de pagamento do beneficiario estea establecido tamén en España.

b) As entidades que actúen como provedor de servizos de pagamento do beneficiario proporcionarán información nos estados TID 2 sobre as taxas de desconto percibidas nas operacións de pagamento con tarxeta efectuadas en España nas cales o provedor de servizos de pagamento do ordenante estea establecido tamén en España.

Os estados TID non incluírán información das operacións efectuadas con tarxetas que só se poden utilizar nunha rede limitada, deseñada para satisfacer necesidades precisas mediante instrumentos de pagamento cuxa utilización está limitada, ou ben porque permiten ao seu titular adquirir bens ou servizos unicamente nos locais do emisor, dentro dunha rede limitada de provedores de servizos vinculados directamente mediante un acordo comercial cun emisor profesional, ou ben porque unicamente se poden utilizar para adquirir unha gama limitada de bens ou servizos.

Os estados TID deberán ser enviados non máis tarde do día 15 do segundo mes seguinte ao trimestre natural a que se refiren os datos (salvo que sexa festivo en Madrid, caso en que se poderán enviar ata o primeiro día hábil posterior na dita localidade).

Os estados TID 2 deberán ser enviados mesmo cando o provedor de servizos de pagamento do ordenante e do beneficiario sexan a mesma entidade.

3. As entidades que, conforme o sinalado na norma primeira, poidan actuar como provedores de servizos de pagamentos deben comunicar ao Banco de España (Departamento de Información Financeira e CIR), antes de que transcorra un mes desde que comece a realizar as súas actividades –ou desde a entrada en vigor da presente circular se xa están operando nesa data–, se están efectuado, ou non, operacións que deban ser obxecto de declaración conforme o previsto no número 1 desta norma.

Cando unha entidade que comunicase que non realiza operacións que deban ser obxecto de declaración comece a emitir ou a adquirir tarxetas de pagamento dun sistema tripartito ou cuadripartito, deberá comunicar ao Banco de España a dita circunstancia no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que emita ou adquira tarxetas de pagamento. Neste caso, a primeira declaración dos estados TID deberá estar referida aos datos correspondentes ao trimestre en que comezou a operar e deberase efectuar na forma e nos prazos que se indican nos números 1 e 2 desta norma.

Nas comunicacións que realicen ao Banco de España conforme o disposto nos parágrafos anteriores, as entidades indicarán se xestionan as tarxetas de pagamento no marco dun sistema cuadripartito ou tripartito e se actúan como emisor, como adquirente ou exercendo ambas as funcións.

4. A presentación ao Banco de España dos estados TID a que se refire esta norma deberase facer mediante transmisión telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que o Banco de España lles comunique ás entidades para o efecto.

Norma cuarta. Información que deberá publicar o Banco de España no seu sitio web.

1. O Banco de España publicará no seu sitio web de forma individualizada (identificando a entidade que actúe como provedor de servizos de pagamento) toda a información recibida trimestralmente nos formatos dos estados TID, excepto a relativa ao número e ao importe das operacións de pagamento realizadas en cada trimestre natural, así como ao importe das taxas percibidas.

2. Adicionalmente, o Banco de España publicará no seu sitio web, de forma agregada, toda a información recibida trimestralmente das entidades nos estados TID, excepto a relativa ás taxas de desconto percibidas nos sistemas de tarxetas de pagamento tripartitos. Para calcular a taxa máxima e a taxa media ponderada nos estados agregados, procederase da seguinte forma:

– «Taxa máxima»: será, para cada un dos estados TID agregados que se publiquen, a taxa declarada polo provedor de servizos de pagamento que comunicase a maior porcentaxe para o trimestre natural a que se refiran os datos.

– «Taxa media ponderada»: será, para cada un dos estados TID agregados que se publiquen, a que resulte de ponderar os datos das taxas medias comunicadas por cada provedor de servizos de pagamento polo importe das ordes de pagamento que se comunicase para o trimestre natural a que se refiran os datos.

Norma quinta. Información que deberán publicar os provedores de servizos de pagamento no seu sitio web.

As entidades publicarán, no seu sitio web, no formato dos estados TID establecidos no anexo desta circular, toda a información recollida nos ditos estados sobre as operacións realizadas en cada trimestre natural para os diferentes perfís de tarxetas e actividade do beneficiario, excepto a relativa ao número e ao importe das operacións de pagamento, así como ao importe das taxas percibidas. A dita información actualizarase trimestralmente ao tempo de enviala ao Banco de España conforme o previsto na norma terceira.

Disposición transitoria única. Primeiros estados que se deberán remitir ao Banco de España.

1. Os primeiros estados TID que se deberán declarar ao Banco de España serán os correspondentes ao terceiro trimestre natural de 2014 e recollerán, exclusivamente, os datos referidos ás operacións realizadas entre o 1 e o 30 de setembro de 2014.

2. Os estados relativos ao terceiro e ao cuarto trimestre natural de 2014 e ao primeiro trimestre natural de 2015 poderanse enviar, excepcionalmente, o último día hábil do mes de maio de 2015.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de marzo de 2015.—O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

TID 1.1 TAXAS DE INTERCAMBIO PERCIBIDAS NO TRIMESTRE. TARXETAS DE EMPRESA (a)

Entidade: _____

Clasificación pola actividade do beneficiario	Tarxetas de débito				Tarxetas de crédito					
	Operacións		Taxa de intercambio		Operacións		Taxa de intercambio			
	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)
Grandes empresas de distribución (f)										
Supermercados (g)										
Gasolineiras										
Autoestradas										
Comercio retalista (h)										
Hotéis (i)										
Restaurantes (j)										
Viaxes e entretemento (k)										
Resto das categorías (l)										
TOTAL										

- (a) Os datos sobre os cales se debe informar son os correspondentes ás operacións de pagamento realizadas no trimestre a que se refiren os datos en tarxetas de empresa.
As taxas declararanse en porcentaxes con catro decimais; o número de operacións, en unidades, e o importe, en miles de euros.
- (b) Importe de todas as operacións realizadas no trimestre.
- (c) Importe total das comisións, retribucións ou compensacións netas recibidas polas operacións realizadas no trimestre.
- (d) Taxa maior de todas as aplicadas no trimestre.
- (e) Taxa media calculada dividindo o importe percibido polas taxas entre o importe total das operacións con tarxetas no trimestre.
- (f) Grandes empresas de distribución dedicadas á venda de produtos alimenticios, electrodomésticos, roupa, xoguetes, libros ou artigos deportivos, entre outros.
- (g) Establecementos dedicados á alimentación non englobados dentro do grupo de grandes empresas de distribución.
- (h) Comercios de pequeno formato e de calquera natureza, incluíndo os de uso cotián (tales como droguerías, xoiarías, zapatarías e agasallos), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».
- (i) Incluirá hotéis e aloxamentos similares.
- (j) Incluirá restaurantes, cafetarías, bares e establecementos similares.
- (k) Comercios centrados nas viaxes, no lecer e no entretemento, excepto os hotéis e restaurantes (tales como axencias de viaxes, transporte de viaxeiros, alugamento de vehículos, casinos, espectáculos, masaxes, saunas e discotecas), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».
- (l) Resto das actividades comerciais non incluídas nas categorías anteriores (tales como as farmacias, as empresas que se dedican exclusivamente á venda non presencial, os servizos públicos, as sociedades benéficas e sen ánimo de lucro e os servizos sanitarios), así como as actividades comerciais cuxos prezos están condicionados por un determinado marco regulatorio (por exemplo, transporte urbano, metro, proximidades, aparcaoiros, cabinas telefónicas, etc.) e que, en xeral, presentan un baixo importe medio nas compras con tarxeta de pagamento.

TID 1.2 TAXAS DE INTERCAMBIO PERCIBIDAS NO TRIMESTRE. TARXETAS DE PARTICULARES (a)

Entidade: _____

Clasificación pola actividade do beneficiario	Tarjetas de débito						Tarjetas de crédito								
	Operacións de pagamento ata 20 euros			Operacións de pagamento superiores a 20 euros			Operacións de pagamento ata 20 euros			Operacións de pagamento superiores a 20 euros					
	Operacións		Taxa de intercambio	Operacións		Taxa de intercambio	Operacións		Taxa de intercambio	Operacións		Taxa de intercambio			
	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)
Grandes empresas de distribución (f)															
Supermercados (g)															
Gasolineras															
Autoservicios															
Comercio detallista (h)															
Hoteles (i)															
Restaurantes (j)															
Viaxes e entretemento (k)															
Resto das categorías (l)															
TOTAL															

(a) Os datos sobre as calas se debe informar con as correspondentes ás operacións de pagamento realizadas no trimestre a que se refinen os datos con tarxetas de particulares, é dicir, con tarxetas distintas das de empresa. As taxas declaradas en porcentaxes con catro decimais; o número de operacións, en unidades, e o importe, en miles de euros.

(b) Importe de todas as operacións realizadas no trimestre.

(c) Importe total das comisións, retribucións ou compensacións netas recibidas polas operacións realizadas no trimestre.

(d) Taxa maior de todas as aplicacións no trimestre.

(e) Media ponderada das aplicacións no trimestre.

(f) Grandes empresas de distribución dedicadas á venda de produtos alimenticios, electrodomésticos, roupa, xoguetes, libros ou artigos deportivos, entre outros.

(g) Establecementos dedicados á alimentación non empregados dentro do grupo de grandes empresas de distribución.

(h) Comercios de pequeno formato e de calquera natureza, incluíndo os de uso cotián (tales como drogrías, xolarías, zapatarías e agasallos, entre outros), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(i) Incluída hotele e aloxamentos similares.

(j) Incluída restaurantes, cafeterías, bares e establecementos similares.

(k) Comercios centrados nas viaxes, no lecer e no entretemento, excepto os hotele e restaurantes (tales como axencias de viaxes, alugamento de vehículos, casinos, espectáculos, masaxes, saunas e discotecas), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(l) Resto das actividades comerciais non incluídas nas categorías anteriores (tales como as farmacias, as empresas que se dedican exclusivamente á venda non presencial, os servizos públicos, as sociedades comerciais cuxos prezos están condicionados por un determinado marco regulatorio (por exemplo, transporte urbano, metro, proximidades, aparcadoiros, cabinas telefónicas, etc.) e que, en xeral, presentan un baixo importe medio nas compras con tarxeta de pagamento.

(m) Número de operacións efectuadas das calas se lles aplicou o importe legal máximo en céntimos viente na data a que se refira o estado.

TID 2.1 TAXAS DE DESCONTO PERCIBIDAS NO TRIMESTRE. TARXETAS DE EMPRESA (a)**Entidade:** _____

Clasificación pola actividade do beneficiario	Tarxetas de débito			Tarxetas de crédito			Tarifa plana (si/non) (m)
	Operacións		Taxa de desconto	Operacións		Taxa de desconto	
	Número	Importe (b)		Número	Importe (b)		
			Máxima (d)			Máxima (d)	
			Media ponderada (e)			Media ponderada (e)	
Grandes empresas de distribución (f)							
Supermercados (g)							
Gasolineiras							
Autoestradas							
Comercio retalista (h)							
Hoteles (i)							
Restaurantes (j)							
Viaxes e entretemento (k)							
Resto das categorías (l)							
TOTAL							

(a) Os datos sobre os cales se debe informar son os correspondentes ás operacións de pagamento realizadas no trimestre a que se refiren os datos con tarxetas de empresa.

(b) As taxas declararanse en porcentaxes con catro decimais; o número de operacións, en unidades, e o importe, en miles de euros. Importe de todas as operacións realizadas no trimestre.

(c) Importe total das comisións, retribucións ou compensacións netas recibidas polas operacións realizadas no trimestre.

(d) Taxa maior de todas as aplicadas no trimestre.

(e) Taxa media calculada dividindo o importe percibido polas taxas entre o importe total das operacións con tarxetas no trimestre.

(f) Grandes empresas de distribución dedicadas á venda de produtos alimenticios, electrodomésticos, roupa, xoguetes, libros ou artigos deportivos, entre outros.

(g) Establecementos dedicados á alimentación non englobados dentro do grupo de grandes empresas de distribución.

(h) Comercios de pequeno formato e de calquera natureza, incluíndo os de uso cotián (tales como drogarías, xoiarías, zapatarías e agasallos, entre outros), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(i) Inclúirá hoteis e aloxamentos similares.

(j) Inclúirá restaurantes, cafetarías, bares e establecementos similares.

(k) Comercios centrados nas viaxes, no lecer e no entretemento, excepto os hoteis e restaurantes (tales como axencias de viaxes, transporte de viaxeiros, alugamento de vehículos, casinos, espectáculos, masaxes, saunas e discotecas), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(l) Resto das actividades comerciais non incluídas nas categorías anteriores (tales como as farmacias, as empresas que se dedican exclusivamente á venda non presencial, os servizos públicos, as sociedades benéficas e sen ánimo de lucro e os servizos sanitarios), así como as actividades comerciais cuxos prezos están condicionados por un determinado marco regulatorio (por exemplo, transporte urbano, metro, proximidades, aparcadoiros, cabinas telefónicas, etc.) e que, en xeral, presentan un baixo importe medio nas compras con tarxeta de pagamento.

(m) Cando a algún beneficiario se lle apliquen, para a totalidade ou para unha parte da súa operativa, comisións ou outros conceptos retributivos que non se correspondan cunha porcentaxe sobre cada operación, senón cun importe previamente fixado ou por determinar por referencia a outras variables (número total de operacións ou o seu importe global, por exemplo), consignarase "Si" nesta columna. O importe total percibido por aplicación destas tarifas distribuirase entre as tarxetas de débito e de crédito atendendo ao importe das operacións que, con suxección ás ditas tarifas, se realizaron con cada tipo de tarxeta. Para determinar o seu efecto sobre a taxa de desconto máxima, o importe percibido de cada beneficiario dividírase entre o importe total das operacións intermedias para el nas cales se aplicaron estas tarifas.

TID 2.2 TAXAS DE DESCONTO PERCIBIDAS NO TRIMESTRE. TARJETAS DE EMPRESA (a)

Entidade:

Clasificación pola actividade do beneficiario	Tarjetas de débito			Tarjetas de crédito			Tarifa plana (si/non) (m)					
	Operacións		Taxa de desconto	Operacións		Taxa de desconto						
	Número	Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)	Número		Importe (b)	Importe (c)	Máxima (d)	Media ponderada (e)	
Grandes empresas de distribución (f)												
Supermercados (g)												
Gasolineiras												
Autoestradas												
Comercio retalista (h)												
Hotéis (i)												
Restaurantes (j)												
Viaxes e entretemento (k)												
Resto das categorías (l)												
TOTAL												

(a) Os datos sobre os cales se debe informar son os correspondentes ás operacións de pagamento realizadas no trimestre a que se refiren os datos con tarxetas de particulares, é dicir, con tarxetas distintas das de empresa.

As taxas declararanse en porcentaxes con catro decimais; o número de operacións, en unidades, e o importe, en miles de euros.

(b) Importe de todas as operacións realizadas no trimestre.

(c) Importe total das comisións, retribucións ou compensacións netas recibidas polas operacións realizadas no trimestre.

(d) Taxa maior de todas as aplicadas no trimestre.

(e) Taxa media calculada dividindo o importe percibido polas taxas entre o importe total das operacións con tarxetas no trimestre.

(f) Grandes empresas de distribución dedicadas á venda de produtos alimenticios, electrodomésticos, roupa, xoguetes, libros ou artigos deportivos, entre outros.

(g) Establecementos dedicados á alimentación non englobados dentro do grupo de grandes empresas de distribución.

(h) Comercio de pequeno formato e de calquera natureza, incluíndo os de uso cotián (tales como droguerías, xoiarías, zapatarías e agasallos, entre outros), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(i) Inclúirá hotéis e aloxamentos similares.

(j) Inclúirá restaurantes, cafeterías, bares e establecementos similares.

(k) Comercios centrados nas viaxes, no lecer e no entretemento, excepto os hotéis e restaurantes (tales como axencias de viaxes, transporte de viaxeiros, alugamento de vehículos, casinos, espectáculos, masaxes, saunas e discotecas), salvo que polo seu pequeno importe se teñan que clasificar como «Resto das categorías».

(l) Resto das actividades comerciais non incluídas nas categorías anteriores (tales como as farmacias, as empresas que se dedican exclusivamente á venda non presencial, os servizos públicos, as sociedades benéficas e sen ánimo de lucro e os servizos sanitarios), así como as actividades comerciais cuxos prezos están condicionados por un determinado marco regulatorio (por exemplo, transporte urbano, metro, proximidades, aparcaadoiros, cabinas telefónicas, etc.) e que, en xeral, presentan un baixo importe medio nas compras con tarxeta de pagamento.

(m) Cando a algún beneficiario se lle apliquen, para a totalidade ou para unha parte da súa operativa, comisións ou outros conceptos retributivos que non se correspondan cunha porcentaxe sobre cada operación, senón cun importe previamente fixado ou por determinar por referencia a outras variables (número total de operacións ou importe global destas, por exemplo), consignarase "Si" nesta columna. O importe total percibido por aplicación destas tarifas distribuirase entre as tarxetas de débito e de crédito atendendo ao importe das operacións que, con suxección ás ditas tarifas, se realizaron con cada tipo de tarxeta. Para determinar o seu efecto sobre a taxa de desconto máxima, o importe percibido de cada beneficiario dividirase entre o importe total das operacións intermedias para el nas cales se aplicaron estas tarifas.